



1. AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Seguirase o disposto:

- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que curso educación primaria.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanza de educación primaria, de educación secundaria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1.1 SESIÓNS DE AVALIACIÓN

As sesións de avaliación estarán coordinadas polo profesorado titor de cada nivel. Asistirán tamén o profesorado especialista implicado na tarefa pedagóxica do nivel e/ou do grupo e os especialistas de PT e AL, no caso de atender a algún alumno/a. Contarán co asesoramento da xefa e ou xefe do departamento de orientación. Na sesión de avaliación final asistirá tamén a xefatura de estudos.

O procedemento para desenvolver as sesións de avaliación será o que se detalla deseguido:

1. Efectuarase una valoración global do grupo.
2. Analizaranse os casos que amosan dificultades de aprendizaxe e de actitude.
3. Farase unha valoración da evolución no relativa ás competencias clave.
4. Contrastaranse as dúbidas en relación coas cualificacións de casos concretos.
5. Adoptaranse as decisións que procedan de cara a solucionar as problemáticas analizadas.
6. Trasladarase á Consellería de Educación, a través da aplicación informática "XADE", a información sobre as cualificacións.
7. O/a titor/a levantará acta de sesión.
8. A asistencia ás avaliacións é obrigatoria para o todo o profesorado implicado na docencia de cada nivel.

1.2 CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e o sexto da etapa de Primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción nos resto de cursos da etapa será automática.

A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuadapara favorecer o seu desenvolvemento. Dita medida irá acompañada dun plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal e terá carácter excepcional.